

BAIXA TELEMÁTICA - NOTA INFORMATIVA

Os anunciantes poden realizar a baixa dos anuncios de forma totalmente telemática.

Calquera tramitador de cada departamento poderá solicitar a baixa do anuncio sempre que o anuncio **non estea incluído no boletín**. Para que a baixa se faga efectiva, esta terá que ser firmada polo asinante.

Se o tramitador solicita a baixa dun anuncio e esta non se firma polo asinante a baixa non se fai efectiva e o anuncio poderase incluír no boletín invalidando a dita baixa.

TRAMITACIÓN:

Na zona de anunciantes, na bandexa "Esperando para ser publicados", engádese unha columna ao final de cada anuncio que contén unha ligazón coa etiqueta "Baixa telemática" para poder solicitar a baixa dos anuncios pendentes de publicación. Esta opción só está dispoñible para os tramitadores.

Cando calquera tramitador pulse na ligazón "Baixa telemática" dun anuncio, solicítaselle que confirme a súa decisión mediante unha mensaxe emerxente que contén dous botóns para aceptar ou rexeitar a confirmación.

A mensaxe é a seguinte:

¿Está seguro de solicitar a baixa telemática do seguinte anuncio <númeroAnuncio> <sumario anuncio>

Ao realizar a solicitude da baixa compróbase que o anuncio **non está incluído no boletín**.

No caso de que o anuncio **estea incluído no boletín**, non se realiza a solicitude de baixa telemática e infórmase ao usuario mediante a seguinte mensaxe:

Non se pode tramitar a baixa telemática do anuncio <númeroAnuncio>. O anuncio xa está incluído no boletín.

Se se confirma a solicitude da baixa telemática remíteselle a confirmación ao tramitador mediante a seguinte mensaxe:

Solicitude de baixa telemática para o anuncio <númeroAnuncio>. A solicitude queda pendente da firma electrónica para facer efectiva a baixa.



Unha vez que o tramitador finaliza a solicitude da baixa telemática, o anuncio aparece na bandexa "Pendentes de firma electrónica".

Para que a baixa telemática finalice e se faga efectiva o asinante ten que firmar a solicitude da baixa na bandexa "Pendentes de firma electrónica".

A firma da baixa telemática debe ser individual, é dicir, non se permitirá seleccionar varios anuncios simultaneamente para firmar a súa baixa. Por este motivo o botón "Seleccionar todos os anuncios" pasa a chamarse "Seleccionar todas as altas" e só seleccionará os anuncios pendentes de firma para a súa publicación.

Para que los asinantes poidan distinguir os anuncios solicitados para a baixa telemática, dos de publicación, engádese unha columna "Baixa" ao final de cada anuncio onde se indica "Si/Non":

- Si: Solicitouse a baixa do anuncio
- Non: O anuncio está pendente de firma para ser publicado.

Ademais, tamén se resaltan con **letra verde** as solicitudes de baixa telemática para distinguilas das firmas de solicitude de publicación.

É necesario destacar que a cor verde das solicitudes das baixas telemáticas prevalecerá aínda que o anuncio tivera carácter urxente (indicado con letra vermella).

O asinante segue tendo á súa disposición dúas opcións para realizar a firma:

1. Seleccionando a solicitude de baixa telemática na bandexa de "Pendentes de firma electrónica" e pulsando o botón de "Firmar os anuncios seleccionados".

Neste caso hai unha diferenza cos anuncios pendentes de firma para a súa posterior publicación, a firma da solicitude dos anuncios para a baixa telemática tense que facer de forma individual.

2. Accedendo ao anuncio e firmar a solicitude de baixa telemática.

Na bandexa de "Pendente de firma electrónica" accédese a un anuncio ao que se lle solicitou a baixa telemática, na parte inferior da pantalla, en lugar dos botóns habituais aparecen os seguintes segundo o perfil (tramitador ou asinante):

Tramitador

• "Visualizar contido a publicar": Esta opción mantense sen cambios.

• "Invalidar a baixa": Só está dispoñible para os tramitadores. Permítese invalidar a baixa sempre que o anuncio non **estea incluído no boletín**. Ao invalidar a baixa infórmase ao usuario coa seguinte mensaxe de confirmación:

Ao invalidar a baixa o anuncio continuará a súa tramitación pero os prazos de publicación iniciais poderían verse alterados. ¿Está seguro de que quere invalidar a baixa do anuncio?

Se o tramitador confirma a invalidación da baixa telemática, o anuncio volverá a ser visible na bandexa "Esperando a ser publicados" e continuará a súa tramitación habitual.



Asinante

• "Visualizar contido a publicar": Esta opción mantense sen cambios.

• "Firma baixa telemática": Está opción permite firmar a solicitude de baixa telemática para facela efectiva e xera un xustificante de confirmación de baixa telemática para o asinante e o tramitador. Unha vez finalizada a firma actualízase a data de baixa do anuncio. O anuncio poderase consultar na bandexa de "Anuncios dados de baixa".

Cando o asinante pulsa en "Firma baixa telemática" mostrarase unha fiestra co detalle do anuncio igual que cando firma un anuncio para a súa publicación. A diferenza é que na fiestra do detalle para a firma da solicitude da baixa telemática, o título que aparece é "**Detalle do anuncio <númeroAnuncio> a firmar baixa telemática**".

Cando se realiza a firma dunha solicitude de baixa telemática dun anuncio compróbase que o anuncio **non está incluído no boletín.**

O procedemento para o usuario será similar á firma dun anuncio para a súa publicación no BOP e na pantalla de resultados de firma poderá descargar o xustificante de baixa telemática.

Unha vez finalizada a firma da solicitude da baixa telemática dun anuncio na bandexa "Anuncios dados de baixa" aparecerá unha ligazón "Descargar xustificante" na columna "Motivo da baixa".

Esta ligazón permitirá descargar o xustificante da baixa telemática ao tramitador e asinante e tamén ao que teña perfil de consultor e estea no mesmo departamento.